FESTA DA ANGUÍA EN VALGA

# Gastronomía e música pechan o verán en Valga

**ANXO BENTRÓN** [VALGA]

Non cesa a festa en Valga. A XXXIV edición da Festa da Anguía e Mostra da Caña do País, que arrincou a fin de semana pasada coa XI Ruta-Concurso Tapa a Anguía, continúa dende hoxe cun feixe de actividades gastronómicas, lúdicas e musicais para exaltar dous productos do país tan emblemáticos como son a anguía e o augardente.

Mentres que ao longo desta semana os veciños pudieron participar e gozar de numerosas actividades de showcookings de caña do país e de anguía ou a precata do Concurso Tradicional de Caña do País, dende hoxe a festividade adentrase nunha fin de semana na que non faltará a verbena e a música.

Os actos reanudanse hoxe, ás 20.00 horas, cando se levará a cabo a presentación da botella conmemorativa da XXXIV Mostra da Caña do País no Centro de Interpretación da Caña do País, una presentación á que seguirá a cata final do Concurso Tradicional de Caña do País.

Mañá, sábado, o día central dos festexos, as actividades comezarán ás 12.00 horas coa degustación de tapas de anguía nos locais de hostelería. Xa pola tarde, dende as 16.00 horas, o Parque Irmáns Dios Mosquera acollerá una festa infantil con xogos e inchables para os máis pequenos. Ás 17.00 horas, prenderanse as potas para a demostración do destilado tradicional de augardente no Centro de Interpretación da Caña do País. Ás 19.00 horas procederase á recepción das autoridades na Casa do Concello e, ás 20.00 horas, levarase a cargo a lectura do pregón, que este ano está a cargo de María Esther Ordóñez Dios.

Despois da lectura do pregón, ás 20.30 horas procederase á entrega de premios dos concursos 'Valga. Anguía, caña e camiño', 'Anguía Chef', Concurso da Caña do País, Embelecer Valga, Concurso do cartel anunciador e Tapas gañadoras da Ruta-Concurso Tapa a Anguía. Dende as 21.00 horas a música pasará a tomar protagonismo cun concerto da Banda de Música Municipal de Valga. A continuación, ás 21.30 horas terá lugar a degustación de tapas de anguía e cócteles feitos con caña do país, antes do comezo da verbena que estará animada pola orquestra Marbella. Finalmente, a medianoite, celebrarase unha queimada popular con conxuro de Troula Animación, e, as 00.30 horas, terá lugar un espectáculo de luces e fogos de artificio. A festa continuará despois coas actuacións das orquestras Marbella e Olympus.

Xa o domingo, os veciños poderán asistir, de 12.00 a 15.00 horas, á XI Ruta-Concurso Tapa a Anguía que porá fin a unha nova edición desta festa declarada de Interese Turístico de Galicia.




**Cartel da XXXIV Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.** // Concello de Valga

## A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE VALGA, MARBELLA E OLYMPUS PONDRÁN O TOQUE MUSICAL



D'Mares BACALAO PÉREZ ESPAÑA S.L.
Tlf. 986 557 900 • Fax: 986 564 428 | Ullán, 62. Infesta 36640 Pontecesures
www.dmares.es • www.bacalaoperezespana.com

OdL GRUPO PUERTAS ODL ALUMINIO SOLDADO

Pol. Carballiño, 33 - Valga (Pontevedra) • T. 986 556 371 • F. 986 557 867 • aluminios@grupoodl.com • www.grupoodl.com

Churrería Marisu

Los churros el clásico por excelencia, por supuesto con el chocolate a la taza tradicional
Encargas de todo tipo: Bares, Fiestas, Cumpleaños, Bautizos, Comuniones, etc.
C/ Doctor Mosquera, 18
Tfnos.: 647 95 96 50 - 620 68 18 75
Condide - Pontecesures (Pontevedra)

CARABELA RESTAURANTE - MARISQUERÍA
Rúa San Lois 28 - Pontecesures (Pontevedra)
986 04 90 56
info@restaurantecarabela.es

TM MARTINEZ, S.L.
Rúa Raxoi, 1 • 36646 Valga
Pontevedra
Tlf.: 986 55 90 59
info@tmmartinez.es

CLÍNICA Dr. Jorge Ortega

Avda. de Vigo, nº 12, 1º E
36640 PONTECESURES (Pontevedra)
T. 986 556 162 • F. 986 564 435
orcastsl@yahoo.es

FESTA DA ANGUÍA EN VALGA

# Caña do país e anguía, unha mestura con historia

## A Festa da Anguía celébrase no municipio dende 1989, e dende 1991 está acompañada pola Mostra da Caña do País



Anguía e caña do país fan as delicias dos visitantes. // ECG



**ANXO BENTRÓN** [VALGA]

A mestura entre a exaltación dun dos peixes máis singulares do Ulla como é a anguía e a degustación dunha beberaxe tan galega como o augardente pode resultar en moitos casos extraño. Sin embargo, no Concello de Valga, ambos productos tan propios da gastronomía galega conviven dende hai máis de trinta anos.

En 1989 comezou a celebrarse a festa da anguía para dar a coñecer as virtudes deste peixe e as distintas posibilidades culinarias. Dous anos despois acordouse celebrar tamén a mostra dos augardentes tradicionais, que se elaboran en Valga.

Deste xeito, os visitantes que se achegan durante estas xornadas de festa a Valga poden degustar a anguía en variedades como en empanada, frita ou rebozada. Producto desta unión culinaria na localidade, os productores de caña da zona poden tamén dar a coñecer tanto a beberaxe como a maneira tradicional de fabricala.

Así, durante os días nos que se alongue a festa, que comezou o pasado sábado 24 coa XI Ruta-Concurso Tapa a Anguía e que rematará este domingo 1 de setembro, celébraranse numerosas actividades como o Concurso Tradicional de Caña do País ou a demostración do destilado tradicional de augardente.

Ademais, como non pode ser doutro xeito non faltarán oportunidades para degustar a anguía. Un dos pratos fortes da festa é a ruta de tapas nos locales de hostalería da localidade. Entre as 12.00 e as 15.00 e de 20.00 a 23.00 horas do sábado e de 12.00 a 15.00 o domingo, quen así o desexe pode achegarse ata os establecementos da zona (Palmera Beach, Caprichos, Maneiro, Potel, O Pontellón, Couceiro e Auditorio) para degustar as mellores tapas dun producto do mar que xa é máis que un emblema da identidade de Valga.


CONCELLO DE VALGA

XI ruta-concurso tapa a anguía

SÁBADOS: de 12:00 h a 15:00 h de 20:00 h a 23:00 h
DOMINGOS: de 12:00 h a 15:00 h

ELIXE A TUA TAPA PREFERIDA E SÓ POR DEPOSITAR O TEU VOTO NA URNA PODERÁS PARTICIPAR NO SORTEO DE 10 VALES DE 30 € PARA GASTAR NO COMERCIO LOCAL QUE DESEXES.

1 PALMERA BEACH VALGA, Parque Irmáns Dios Mosquera, 682 632 582 — ANGUÍA AO FORNO ESTILO DA CASA
2 PASTELERÍA CAPRICHOS, Avda. da Coruña, 15. Valga, 986 559 758 — VOLOVÁN DE ANGUÍA AL "ALL I PEBRE"
3 BAR MANEIRO, Avda. da Coruña, 23. Valga, 986 559 539 — ANGUIMANEIRO
4 BAR POTEL, Praza Vicente Cousiño, 1. Valga, 986 559 579 — PETISCO DE ANGUÍA
5 CAFÉ BAR O PONTELLÓN, Avda. Da Coruña, 106. Valga, 986 197 982 - 638 405 761 — DO RÍO AO PRATO PASANDO POLA LEIRA
6 CAFÉ BAR COUCEIRO, Forno, 7. Cordeiro, 669 822 070 — ANGUÍA E MAR
7 CAFETERÍA AUDITORIO, Ferreirós, 1A. Cordeiro, 670 828 695 — MUIÑEIRA DE ANGUÍA

CENTRO MÉDICO PSICOTÉCNICO CESURES
Alfonso Diz Villar
MÉDICO
Víctor García, 27 - 1º - B
T. 986 557 245 • 618 884 884 • Pontecesures

asesoría magariños s.l.n.e
Avda. da Coruña 64-66 | Edificio Bella Valga, Bajo B
36645 VALGA (PONTEVEDRA)
Tlfo.: 986 564 096 - Fax: 986 564 097
info@asesoriamagarinos.es

Clínica Dental
Dra. B. Santiago Mondragón
C/. Travesía dos Muelles, 1 • 1º D
PONTECESURES - PONTEVEDRA
T. 986 557 879
C-36000293

OdL GRUPO
PUERTAS ODL
ALUMINIO SOLDADO
Pol. Carballiño, 33 - Valga (Pontevedra) • T. 986 556 371 • F. 986 557 867 • aluminios@grupoodl.com • www.grupoodl.com